




# COSTA DE A GUARDA

Adela Leiro, Mon Daporta  
marzo 2019



**Distancia:** 14 km (lineal)  
**Dificultade:** baixa

O concello da Guarda está situado no extremo SO de Galiza, cunha parte na costa do Arco Miniano-Duriense, cara ao mar aberto e outra no esteiro do río Miño, con Portugal na outra banda.

A costa atlántica é rectilínea, rochosa, exposta, con dous seos na parte central que acolllen a localidade e os únicos areais costeiros da contorna. A ribeira do Miño, entre a desembocadura e a Pasaxe, é unha costa baixa e areosa na que os areais perden extensión e amplitude canto máis se adentran no esteiro. Toda a zona é unha importante área de pesca e marisqueo (percebes, langosta, nécora, polbo...). A parte do territorio do concello pertencente ao esteiro do Miño está protexida dentro do LIC Baixo Miño.

Desde 2011 hai unha proposta de creación do LIC/ZEC "Costa de Oia", con 2.056,6 ha (475,4 terrestres e 1.581,2 acuáticas), actualmente pendente de aprobación.



Na costa exterior da Guarda o que máis chama a atención é o constante bater do mar nas rochas.




- 1-Porto da Escuma
- 2-Punta Bazar
- 3-Enseada da Cetárea
- 4-Praia de Area Grande
- 5-Praia do Fedorento
- 6-Bitadorna
- 7-Punta do Xinete
- 8-A GUARDA. Porto.
- 9-Praia do Carreiro
- 10-Agrelo
- 11-Punta dos Picos
- 12-Punta do Tegra
- 13-Desembocadura do Miño
- 14-Praia do Muíño
- 15-Praia da Lamiña
- 16-Praia da Armona
- 17-Praia do Codesal
- 18-Porto e praia da Pasaxe



## PERCORRIDO

Comezamos na zona de estacionamento da **punta do Bazar**, a segunda parada témola nas **cetáreas** a onde nos desviamos pola estrada, que fai parte do Camiño Portugués pola costa, que remata ao pé da **cetárea Redonda**. A cetárea redonda é un lugar de interese etnográfico, conserva o peche en toda a contorna e algunhas das gaiolas nas que se manteñan as langostas, e a súa contorna, ao igual que toda a fachada costeira, un lugar de interese paisaxística na que destacan os xogos das rochas e a ondada do mar. Volvemos á estrada para parar de novo na zona de estacionamento, área de lecer e miradoiro da punta. Na mesma área de lecer collemos a estrada que baixa á localidade da **Guarda** pasando polas **praias da Area Grande e Fedorento**, e continuando pola rúa máis próxima á costa chegaremos ao **porto**, ao pé do edificio da **Atalaia, museo do mar**, e do **dique de abrigo**. Desde aquí, como a rúa non ten continuidade temos que subir á estrada principal e coller nela outro desvío ao porto que nos achega ao peirao e permítenos seguir pola beira do mar, logo vémonos obrigados a subir á estrada para continuar ata a volta do **Tegra** e alí coller o desvío ao **Muíño** e á praia para achegarnos á **desembocadura do Miño**. Desde o Muíño, collendo os cruces á dereita, podemos ir por unha estradiña interior ás **praias da Lamiña e da Armona** e continuar pola pista da beirada ata **O Codesal e A Pasaxe** onde rematamos.








Vista da liña da costa da Guarda desde o alto do Torroso ata o Tegra. Desde esta altura aprécianse perfectamente as características da costa exterior do concello. O litoral atlántico da Guarda é unha costa rectilínea, con dirección norte-sur, rochosa, baixa e exposta, sen apenas abrigos, na que se aprecia unha ampla rasa de abrasión. antigamente mergullada no mar e que emerxeu en épocas xeolóxicas recentes.




1-Porto da Escuma

2-Punta Bazar





Cetárea "A Altíña"



Tramo de costa entre a Cetárea redonda e a punta do Bazar e a praia de Area Grande. Un roteiro indicado permite percorrelo e coñecer varias cetáreas antigas





Cetárea "Redonda" con detalles das gaiolas para as langostas



Tramo de costa entre a Cetárea Redonda e a praia de Area Grande





4-Praia de Area Grande



Rochas entre as praias de Area Grande e O Fedorento



5-Praia do Fedorento



Cetárea do Portiño





Costa entre O Portiño e a punta do Xinete




7-Punta do Xinete



A Guarda desde o alto do Torroso



A Guarda desde o alto do Tegra.  
A vila da Guarda é o porto pesqueiro de Galiza situado máis ao sur. Aséntase sobre unha rasa costeira fronte ao atlántico protexida por uns saíntes rochosos sobre os que se construíu o actual peirao.



Porto da Guarda. Só a rexa construción dos abrigos é quen de oporlle resistencia a forza do temporal.







Edifício do Museo do Mar da Guarda. Unha antiga fortaleza defensiva que foi derrubada en 1945 e construída de novo en 1997.



A Guarda e o porto





9-Praia do Carreiro



10-Restos da Cetárea de Agrelo



A Redonda



Restos dun dos muíños de vento que houbo na costa da Guarda



11-Punta dos Picos




13-Desembocadura do Miño e monte Tegra  
O  **río Miño**  nace na serra de Meira (Pedregal de Irimia) e remata o seu percorrido polo país ao pé do monte Tegra. O río fai límite con Portugal e leva un cauce ensanchado de discorer maino, típico do tramo final do seu percorrido, onde predomina a sedimentación que da lugar a numerosas illas e bancos de area (ariños). Desemboca no Atlántico formando un esteiro de 8 km de lonxitude e entre 0,5 e 1,8 km de anchura, situado sobre unha antiga falla flanqueada por bloques graníticos. É pouco profundo e con escasa pendente e o influxo das mareas chega ata Tui, 30 km río arriba.



12-Punta do Tegra

O  **monte Tegra**  é un monte illado de 343 m de altura, prolongación cara ao sur da serra de Groba, situado nunha punta que separa o mar aberto do esteiro do Miño. Desde o cume hai unha vistas espléndidas do esteiro do Miño, a desembocadura, a costa da Guarda e os montes da comarca. Acolle un dos castros mais interesantes de Galiza e un museo arqueolóxico.





Punta do Tegra, o remate da costa de Galiza polo sur



14-Praia do Muíño



15-Praia da Lamiña

16-Praia da Armona





17-Praia do Codesal



18-Praia e porto da Pasaxe



### LIC BAIXO MIÑO

Protexe o curso baixo do Río Miño desde As Neves ata a desembocadura. A diversidade de hábitats e ecosistemas ben conservados fan do Baixo Miño un lugar de grande riqueza biolóxica tanto no río como na zona costeira. É un espazo dun alto valor ecolóxico, ao que hai que engadir tamén o paisaxístico e xeolóxico.



Mazaricos

As pozas que quedan nos ocos das rochas, ao baixar a marea, son lugares rebordantes de vida nas que se desenvolven animais e vexetais